

ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A RECUPERACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE MATERIAIS DA EMIGRACIÓN GALEGA NO CONCELLO DE RIBADEO E POSTERIOR DIFUSIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de xullo ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Realizar un proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A recuperación, preservación e salvagarda do patrimonio dos emigrantes orixinarios de Ribadeo e dos seus familiares, nos seus diferentes formatos (documentos, fotografías, obxectos, películas...), que se conservan en fondos particulares.

As achegas realizadas para este proxecto constituirán un acervo de fontes á disposición da comunidade investigadora, dos expertos na temática migratoria e, por suposto, dos propios protagonistas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de xullo de 2017